



AS COUSAS DE DON PACO

Biografía en 3 actos de Francisco Fernández del Riego

Primavera
das Letras
2023




REAL ACADEMIA GALEGA

Texto de EVA MEJUTO • Ilustracións de LUCÍA COBO

Para que coñezades un chisquiño máis o autor ao que se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas, Francisco Fernández del Riego, a quen chamamos cariñosamente don Paco, artellamos unha obra de teatro na que os protagonistas son os obxectos que acompañaron o noso homenaxeado en distintas etapas da vida. Animámosvos a lela e a representala na aula, se vos presta. Vaivos tocar berrar, cantar, bailar...

Que mellor maneira de celebrar?





ELENCO

DONLAPIS

O lapis que acompañou a don Paco toda a súa vida. Anda tristeiro porque se achega o Día das Letras Galegas e ninguén se lembra del.

BALDOMERO

O reloxo que Evelina lle regalou a don Paco cando namoraron e que axudou a que chegase sempre puntual (e mesmo antes da hora!). É un pouco rosmón, non llo teñades en conta...

OLIVA

A máquina de escribir coa que o noso homenaxeado tecleou e creou centos de artigos, libros, cartas... Ás veces botaba fume!

LEICA

A cámara de fotos que o acompañou en todas as viaxes, celebracións e momentos importantes.

GUADALUPA

A máis nova do elenco. É a lupa que usou don Paco para ler cando, de maior, xa non vía nada ben.

A hand-drawn illustration of a stage curtain. The curtain is a deep red color with a scalloped top edge. A white banner is suspended across the center of the curtain by two gold-colored ropes. The banner has a slightly wavy, aged appearance and features the text "ACTO PRIMEIRO" written in a bold, black, hand-drawn font. The background behind the curtain is a solid, dark red color.

ACTO PRIMEIRO



ACTO PRIMEIRO

DONLAPIS

Baldomero, que hora é?

BALDOMERO

Cedo.

DONLAPIS

Iso non é unha hora, é un adverbio. Que hora é?

BALDOMERO

Moi cedo!

DONLAPIS

Iso son dous adverbios xuntos. Veña, que hora é?

BALDOMERO

Aínda non son as sete. Déixeme durmir, caramba.

DONLAPIS

Vaia reloxo de pacotilla... Se vivise hoxe don Paco seguro que o mudaba por un deses trebellos modernos que din o día, a hora, os pasos que andas, os latexos por minuto...

BALDOMERO

E a cor dos calzóns para que combine cos calcetíns, érache boa... Xa me fixeches rabiarse! Son as seis horas, cincuenta minutos, trinta e sete segundos e dúas décimas do día 17 de maio de 2023. Estamos na praza da Princesa número 2 de Vigo, provincia de Pontevedra. E polo que me doen as engrenaxes debe haber unha humidade do demo.



Que fastío... Don Paco nunca se desfaría de min, eramos inseparables. Eu era o primeiro que miraba ao erguerse e o último que ollaba ao se deitar. E nunca na vida chegou tarde. Grazas a quen? A min!

DONLAPIS

Non se alporice, home, que é brincadeira.
(*en voz baixa*) Será rosmón...

BALDOMERO

Son como son, si, pero pare xa de encerrar. Gustaríalle que lle dixese que se don Paco vivise hoxe habíao cambiar por un lapis dixital? A que non? Ou a Olivia por un computador deses que traen as persoas que veñen á biblioteca?

OLIVIA

A min don Paco nunca me quixo mudar por un ordenador e mira que llo ofreceron unha chea de veces... Non me metades nas súas leas! Nin nun día coma hoxe deixan de roñar?

DONLAPIS

Ten razón, Olivia, estou moi nervioso. Hoxe é o gran día!

OLIVIA

Si que o é! Quen lle diría a don Paco cando inventou o Día das Letras Galegas que acabaría sendo el o homenaxeado?

DONLAPIS

Medio século despois!

BALDOMERO

Pero será posible que este lapis... nin sumar sabe! Desde 1963 ao 2023 van 60 anos, burricán!

DONLAPIS

(rindo) Volveu picar!

BALDOMERO

Porque estou nunha vitrina, que se non...

OLIVIA

Deixe de enrabiar a Baldomero, Donlapis. O andar ceibe pola biblioteca non lle dá de-reito a...

BALDOMERO

(moi anoxado) Se anda ceibe é porque ninguén o considerou de interese para o museo. Un lapis vello e descascado...


DONLAPIS

Un respecto! Eu acompañei a don Paco toda a vida, desde que tiña catro anos e ía á escola...

BALDOMERO

(facendo chufa) ...de Lourenzá e a mestra dona Estrela viu que Paquiño tiña moito xeito para escribir e agasalouno cun lapis prodixioso e fermosísimo. Xa o contou mil veces, parece unha cacatúa!

(Donlapis marcha ofendido)



OLIVIA

(*en baixiño*) Baldomero, non sexa rosmón, xa sabe que o coitado está doído porque non o incluíron no museo e está convencido de que hoxe por fin vai ser recoñecido o seu labor a carón de don Paco.

BALDOMERO

Sei, non fai máis que repetir que van vir da radio e da televisión, que lle van facer unha chea de entrevistas. De onde quitaría esa idea?

OLIVIA

(*avergoñada*) Como estaba tan deprimido porque ninguén lle facía caso, talvez dixen, suxerín, inventei...

**LEICA**

Eu tamén axudei, estaba tan contento coa idea... Mais a cousa fóisenos das mans. Silencio, que aí o vén.

(*en voz alta*) Vostede foi fundamental na súa vida. Máis de 90 anos xuntos, o máis antigo dos obxectos deste museo.

DONLAPIS

E o máis ignorado... Ata hoxe!

LEICA

Os humanos andan ás súas cousas, non saben ver o importante. "O esencial é invisible aos ollos", que dicía o Principiño. Conte, conte o que ten preparado para dicir nas entrevistas. Como era don Paco de cativo?

**DONLAPIS**

(*fachendoso*) Era espelido e rebuldeiro. Moi ben o pasabamos en Lourenzá! Estabamos sempre xuntos: para facer caligrafía, as primeiras contas... Todos os irmáns (os nove!) querían facer os deberes comigo pero só me compartía coa súa amiga Xulia Minguillón, que vivía a carón da familia. Comigo fixo os seus primeiros debuxos. Hai quen pensa que o único retrato que lle fixo a don Paco é o que está neste edificio, mais non é tal.

Soltábame só para xogar ao fútbol, que ben que lle gustou sempre, ata os seus últimos días.

Chamábanlle "o bicicletas" de tanto que corría pola banda.



**BALDOMERO**

Mala memoria non ten, as cousas como son.

DONLAPIS

Levo meses anotando todo para non me esquecer.
Cando chegarán os xornalistas?

LEICA

Aínda é cedo, pero conte, conte.
Era, daquela, bo estudante?

DONLAPIS

O mellor, tiña unha curiosidade infinda. Quería sabelo todo, lelo todo, facelo todo. E cando foi ao colexio dos Escolapios, en Monforte de Lemos, fíxose un lector voraz. Lía polas noites, ás agachadas á luz do candil, ata que os curas o pillaron e lle requisaron os libros todos.

OLIVIA

Mira que quitarlle de ler a un rapaz...

DONLAPIS

Pois si, pero a el iso non o acovardou. Seguiu con esa sede de ler e de aprender toda a vida: ás escuras de mozo e logo de vello case sen vista. A que si, Guadalupa?

GUADALUPA

Abofé que si. De ben maior seguía a ler coa miña axuda.

OLIVIA

Continúe, Donlapis, que da mocidade de don Paco é vostede quen máis sabe.

DONLAPIS

(oufano) Son, e por fin se ha recoñecer. Por certo, que hora é, Baldomero?

BALDOMERO

(borboriñando) Tanta fachenda xa me está a fartar.
(en alto) Son as dez e vinte e cinco.

DONLAPIS

Aos xornalistas non lles gusta madrugar. Sigo co conto. Rematou o bacharelato e foi estudar Dereito a Madrid. E levou-me con el, por suposto. Pasámolo de marabilla! Non había faladoiro, xuntanza ou protesta na que non estivese o primeiroiño. Foi daquela cando empezou a loitar por Galicia e pola lingua galega.

Decidiu que viñésemos a Santiago de Compostela para seguir estudando. Eran os tempos da República. Que lembranzas!

BALDOMERO

(fachendoso) Aí entrei eu na súa vida, cando coñeceu a Evelina. Ela foi quen me mercou na mellor relojería da rúa do Vilar. Fun o primeiro agasallo que lle fixo a don Paco logo de se faceren mozos. Eu podería dicir...

OLIVIA

(bisbando) Déixalle falar a Donlapis, caramba.
(en alto) Tiñan unha chea de nomes o un e a outra, a que si?

DONLAPIS

Certo é! El chamábase Francisco Jesús Benito Antonio e ela, Evelina Lucila Crisóstoma. Como non ían acabar xuntos? Conta, Baldomero, como foi este tempo?

(en baixo) Se non fala, estoupa.

BALDOMERO

(oufano) Xa que insistes... Eses anos foron un fervedoiro político, social, cultural. E don Paco estaba en todo. Lémbrome especialmente cando visitaba a imprenta da editorial Nós, o que tal gozaba con Ánxel Casal vendo como se facían libros, revistas, xornais...

DONLAPIS

(emocionado) O pobre Ánxel, como acabou... Non quero lembrar todo o que aconteceu cando chegou a guerra.

(faise un silencio na sala e escóitase barullo de fondo)

Vou cara á entrada, deben ser os xornalistas!





ACTO SEGUNDO



ACTO SEGUNDO

DONLAPIS

Nada, eran uns cans a bourear...

(soan as badaladas das doce)

Que hora é, Baldomero?

BALDOMERO

(suspirando) Son as doce, non escoita?

DONLAPIS

E os xornalistas sen viren... Por onde ía?

GUADALUPA

Cando chegou a guerra.

BALDOMERO

(levantando a voz) Non é que chegase a guerra, coma se fose un tren! Houbo un golpe de Estado militar e as persoas que loitaban pola liberdade, pola educación, polos dereitos e por Galicia foron perseguidas, detidas e moitas, coma Ánxel Casal, asasinadas.

DONLAPIS

Non berre, caramba, que as novas non saben o que foi aquilo. Temos que explicárllelo nós. Foi a época máis dura da súa vida, chea de medos e incertezas. Os galeguistas coma el eran considerados inimigos aos que había bater e don Paco tivo que agocharse para non acabar na cadea ou nunha gabia, morto, coma tantos outros.

GUADALUPA

(asustada) E logo que pasou?

DONLAPIS

Para salvar a vida ingresou no exército dos que empezaron a guerra. E mira que o pasamos mal, recibía insultos decontino. Para aliviar o sufrimento escribía arreo o seu *Diario de guerra*. Non me quero lembrar dese tempo...

(quedan en silencio)

BALDOMERO

Eu esa etapa non a vivín. Don Paco deixárame con Evelina, en Valdeorras. Como sufría ela pensando nas que estaría a pasar o seu namorado na guerra... E na alegría do seu regreso, no 1939. Foi cando viñemos para Vigo, a que si, Donlapis?



DONLAPIS

Foi tal. Non había maneira de vivir en Santiago daquela, ninguén quería darlle traballo. Todos os seus amigos estaban mortos, no cárcere ou fóra do país. Aínda me lembro da súa felicidade cando atopou en Vigo a Carlos Maside. Ían xuntos ao bar América ou a La Mundial. Tocaba comer tan só unha vez ao día...

LEICA

Da fame que pasou ben que se recuperou despois. O que tal lle gustaba comer... Nunha excursión ao Courel, unha vez papou tres tortillas de patacas dunha sentada. Pero ata chegar aí aínda tiñan que pasar ben de anos, non si, Donlapis?

DONLAPIS

Efectivamente. Pero non todo eran malas novas: casou con Evelina e alugaron unha casa en Coruxo, a carón do mar.

LEICA

Aí foi cando cheguei eu e puiden retratar moitos momentos felices. A pesar de que na ditadura case todo estaba prohibido, don Paco e os amigos seguían a traballar ás agachadas pola lingua e a cultura galega.

BALDOMERO

E para que non o recoñecesen usou nomes inventados ao escribir e publicar artigos: Salvador Lorenzana, Cosme Barreiros, Ronsel, Alevín, Adrián Solovio... Fun eu quen lle dei boa parte das ideas dos seus pseudónimos.

DONLAPIS

(facendo burla polo baixo) Si, claro, e quen lle ditaba os libros e os artigos que escribía, era boa!

BALDOMERO

Acaso dubida de min?

DONLAPIS

Pois si...

GUADALUPA

Outra vez a berrar? A ver, que eu cheguei na parte final da vida de don Paco e quero saber máis cousas.





OLIVIA

Mentres estes dous seguen coa liorta, vou contar como aparecín eu na súa vida. Foi en 1950 cando don Paco, Xaime Isla e Ramón Piñeiro decidiron fundar a editorial Galaxia e, logo, a revista *Grial*, na que tantos artigos xuntos fixemos.

LEICA

Que nome bonito, o galego para todo o firmamento... Gardo imaxes ben fermosas desa época.

GUADALUPA

E Galaxia e *Grial* son as mesmas que seguen existindo hoxe?

OLIVIA

Claro! Pero agora funcionan de xeito distinto: hai ordenadores e trebellos máis modernos.



BALDOMERO

Donlapis, que están a falar sen nós! Vaime quedar por contar cando fixo o seu primeiro libro, *Cos ollos do noso espírito*, no 1949 e...

DONLAPIS

...e cando coordinaba as emisións de radio da BBC de Londres, e tamén...

OLIVIA

Se non atenden, problema seu. Eu teño moito que dicir desa época, *taca taca taca*. A de horas que don Paco pasaba tecleando, escribindo artigos e libros, traducindo, corrixindo, revisando... Eu estaba que botaba fume. Acababa con maniotas nas teclas un día si e outro tamén.

DONLAPIS

Fume si que botaba el cos puros, mira que lle dicía que fumar era malo, pero nin caso.

OLIVIA

Eu tamén lle berraba, e nada. A teimudo non había quen lle gañase.

**BALDOMERO**

E a traballador! Ninguén daba crédito das cousas que facía cada día. Ás veces eu ía máis lento para estarricar o tempo...

DONLAPIS

(fungando) E dálle...

LEICA


Estaba falando Olivia!

GUADALUPA

Iso! Conta, que era o que máis lle gustaba escribir?

OLIVIA

Pois diría que... as cartas para os amigos que estaban fóra do país. Os que tiveran que marchar á guerra e non puideron volver polas súas ideas. El sempre quixo xuntar a Galicia de aquí coa de fóra...





GUADALUPA

E como foi iso de que inventou o Día das Letras Galegas que dixeches antes? Oín ben?

OLIVIA

Alá polo 1960 ingresou na Real Academia Galega e aí tivo que pasar das súas para poder poñer a institución ao día e facer cousas novas polo galego. Unha delas era artellar unha gran celebración arredor da nosa lingua; así naceu o primeiro Día das Letras Galegas. Foi o 17 de maio de 1963, para celebrar que facía cen anos que se publicara *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. E foi a ela a quen se lle dedicou ese ano.

DONLAPIS

(bufando) Iso quería contalo eu!

OLIVIA

Non se anoxe, Donlapis, fálenos de cando veu vostede vivir a este edificio, á Fundación Penzol, que está no piso de arriba.

DONLAPIS

Ai, que tempos magníficos os inicios da Fundación. Pero non foi neste edificio, foi na rúa Policarpo Sanz. Aquí viñemos en 1985. Don Paco era feliz rodeado de libros. Aquí pasaba o día a escribir, a ler... Por certo, que hora é?

BALDOMERO

As cinco e vinte e sete.

DONLAPIS

Segue sen chegar ningún...

(escóitase o timbre)

DONLAPIS

Por fin!


OLIVIA, GUADALUPA E LEICA

(bisbanda) Quen será?



A hand-drawn illustration of a stage curtain. The curtain is a deep red color with a scalloped top edge. A white banner is suspended across the center of the curtain by two gold-colored ropes. The banner has the text "ACTO TERCEIRO" written on it in a dark, hand-drawn font. The background behind the curtain is a lighter, textured brown color.

ACTO TERCEIRO


 ACTO TERCEIRO

DONLAPIS

(amoucado) Non o podo crer, era un repartidor de Amazon, que nin nos festivos descansan. Teño que asumilo, non lle intereso a ninguén.

Peor, ninguén sabe que existo. Tantos meses preparando a miña intervención para nada...

BALDOMERO

É, certamente, inxusto! Sen que sirva de precedente teño que admitir que ninguén coñecía a don Paco coma vostede, Donlapis.

GUADALUPA

Os humanos non o apreciarán, pero eu estou encantada con todo o que está a contar. E non fixeron viaxes xuntos?

DONLAPIS

Moitas, pero iso que o conte Leica. Eu non estou de humor.

LEICA

Anímese, hoxe é día de festa, lembre os bos tempos que viviron. Nin cando viaxou a América don Paco se esqueceu de vostede. A de aventuras que viviron no Uruguai, Caracas, París, Alemaña... E cando foron co seu bo amigo Cunqueiro por Francia e Inglaterra. Pasoulles cada cousa...

DONLAPIS

Si, nas viaxes era cando mellor relación tiñamos, empregábame para anotalo todo nos seus cadernos. Eu sei que daquela xa non escribía coma cando novo, pero seguía sendo o seu lapis de referencia. Que boas lembranzas de percorrer tamén toda España e, por suposto, Galicia de norte a sur, de leste a oeste. Foron anos felices, a que si, Baldomero?



BALDOMERO

Foron. E de traballo intenso, incansable. Artigos, viaxes, conferencias... Eu non daba feito para organizarlle o día.

LEICA

Mais sempre tivo tempo para as amizades. A de fotos que teño feito en festas, excursións, comidas e faladoiros!

OLIVIA

E o que tal teimou e axudou a tantos escritores e escritoras para que publicasen en galego. Tan insistente era que algúns escribían por non oílo. Se as miñas teclas falasen un día...

(bótanse a rir ao unísono)

DONLAPIS

Foi moi querido, a verdade. E que ledicia cando chegaron as homenaxes. Non cabían os premios na casa! Mais el non deixaba de traballar. Eu dicíalle: "don Paco, ben gañamos a xubilación e o descanso". Eu cunha artrite do demo e el medio cego, pero nin caso.

GUADALUPA

Cando Evelina, pouco antes de morrer, me levou á casa, don Paco quedou contento coma un cuco.





DONLAPIS

Foi vostede de grande apoio eses anos, Guadalupe. E tamén Malores, a rapaza que tanto o quería e que lle lía xornais, revistas e libros nos últimos anos. Moito nos prestaba oíla...

LEICA

Lembrades a última homenaxe que lle fixeron? Teño aquí a foto: o día do seu 97 aniversario. Unha chea de amigos e amigas dándolle os parabéns desde a Alameda. Soltaron 97 pombas e cantaron a súa canción favorita, lembrades cal era?

BALDOMERO E DONLAPIS

(ao tempo) "A miña burriña"!

GUADALUPA

Pois podíamola cantar para celebrar o seu día, que vos parece?

DONLAPIS

Non estou de humor, ninguén se lembrou de min.



BALDOMERO

Nin de vostede, nin de ningún de nós.

OLIVIA

Tanto ten, non pasamos un día estupendo facéndolle unha boa homenaxe ao noso xeito?

BALDOMERO

Pois é certo...

DONLAPIS

Pois ten razón...

BALDOMERO

Pois veña...

DONLAPIS

Pois vaia...

BALDOMERO

Vostede primeiro..

DONLAPIS

Despois de vostede.

LEICA

Vaia, ho! Todo o tempo rifando por falar e agora dálles lacha cantar. Pois imos nós! Veña, mozas!



LEICA, OLIVIA E GUADALUPA

**A MIÑA BURRIÑA CANDO VAI Ó MUIÑO,
VAI TODA ENFARIÑADA CHEÍÑA DE FRÍO...**

BALDOMERO E DONLAPIS

**CHEÍÑA DE FRÍO E MAIS DE XIADA, AI!
A MIÑA BURRIÑA SEMPRE VAI CARGADA**

(saen todos e todas a bailar)

DONLAPIS

(mentres baila) Estiven pensando unha cousa, a ver que vos parece... Xa que pasei tanto traballo para preparar unha entrevista que nunca chegou, que sirva para unha biografía do noso querido don Paco. Este ano seguro que se publican unha chea delas, pero esta sería distinta.

LEICA, OLIVIA E GUADALUPA

(entusiasmadas) Que boa idea!

BALDOMERO

(rexoubando polo baixo) Este por chamar a atención...

DONLAPIS

Non rosme, Baldomero, que non acabei de falar. A idea é facérmola entre todos e todas, cadaquén que contribúa co que lembre, co que saiba. Parécevos ben?

LEICA, OLIVIA E GUADALUPA

Xenial!

BALDOMERO

Non é mala idea, non... Empezamos xa! Apunte, Donlapis; Olivia, teclee; Leica, as fotos: Francisco Fernández del Riego naceu en Vilanova de Lourenzá un 7 de xaneiro de 1913...

DONLAPIS

Empezamos ben, xa está a gobernar este mandón...

LEICA

Diso nada, señores. Hoxe toca celebrar, nada de rifar. Mañá será outro día.

DONLAPIS

Pois tamén é certo...

BALDOMERO

Pois tamén ten razón...

(todos e todas á vez)

**Feliz Primavera das Letras
e feliz Día das Letras Galegas!**

(a cantar e a bailar facendo unha conga por todo o museo)

**A MIÑA BURRIÑA CANDO VAI AO MUIÑO,
VAI TODA ENFARIÑADA CHEÍÑA DE FRÍO...
CHEÍÑA DE FRÍO E MAIS DE XIADA, AI!
A MIÑA BURRIÑA SEMPRE VAI CARGADA.**





Un proxecto da



REAL ACADEMIA GALEGA

Co apoio da



**Deputación
DA CORUÑA**